

*Edita: Club Montañeiros Celtas.
Dirección: Xulio Troitiño Dapena*

Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maqueting: Enrique Soto

Traducción: Xulio Troitiño - Normalización lingüística: Enrique González Cameselle

Colaboran neste número: Luís Iglesias, Conchi Gilino, Antonio Fernández, María Recondo Branco, Maruxa Pérez, Enrique Soto, Fátima Fernández Vila, Noe e Lourdes, Luciano Casariego Barro, Lucía Soliño, Pablo Núñez e as seccións deportivas do club.

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.
Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora Concello de Vigo - Área de Participación Cidadá



CLUB MONTAÑEIRO CELTAS


Nº 92
MAIO - XUÑO 2008
Editado 30/04/08

VINDEIRAS ACTIVIDADES

	Data	Local	Actividade	Organización
MAIO	1-4	León	Macizo das Omañas - C.M.Celtas. C.M.Trevinca	S.D.Montaña
	8	Local Social	Presentación Operación Benxamín	S.D. Infantil
	10		VII Marcha das Greas	FGM
	10-11	Aloia	Operación Benxamín	S.D. Infantil
	10-11		Curso de orientación en montaña	FGM-EGAM
	11	Ourense	Sendeiro Carballiño - Leiro	S.D.Sendeirismo
	11	Galiñeiro	Xornada de iniciación á escalada	S.D. Escalada
	17-18	Quiroga	Operación Benxamín	S.D. Infantil
	17-18	León	Travesía Pajares - Oubiña	S.D.Montaña
	17-18		Curso Iniciación Escalada en Rocha	FGM-EGAM
	25	Portugal	Sendeiro da Ermida	S.D. Sendeirismo
	25	Chandrexa de Queixa	Bici de montaña pola Serra de Manzaneda	S.D. Bici de Montaña
	25	Canóns do Sil	Xornada de escalada na escola do Canón do Sil	S.D. Escalada
	24-25	Liméns	Operación Benxamín	S.D. Infantil
	24-25		Curso Iniciación Escalada en Rocha	FGM-EGAM
	29	Local Social	Clausura Operación Benxamín	S.D. Infantil
	31	O Grove	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	31/5-1/6		Curso de orientación con GPS	FGM-EGAM
	31/5-1/6	Ourense	Travesía Teixedal - Serra de Trevinca	S.D.Montaña
	XUÑO	7	Melón	Achegamento ao descenso de canóns
7		Pavillón das Travesas	IV Campionato de escalada de Base	FGM-C.M. Celtas
8		Santa Marta	Actividade conxunta: buceo + espeleo	S.D. Subacuáticas e S.D. Espeleoloxía
7-8		León	Travesía Tuiza	S.D. Montaña
14-15			Marcha con Vivaque	FGM-C.M. Xistra
21-22		A Ponte	Bici de montaña por Peña Trevinca	S.D. Bici de Montaña
21-22			XXXVII Campionato e marcha infantil-xuvenil de montaña	FGM-C.M. Artabros
22		Vilaboa	Kaiak de mar, Vilaboa-Costa da Vela I	S.D. Subacuáticas
22		Portugal	Marcha do Polo	S.D. Sendeirismo
28-29			XIV Descenso de Barrancos	FGM-C.M. Xistra
28-29			Curso de escalada en vías de varios longos	FGM-EGAM
28-29			XII Campamento Infantil-Xuvenil espeleoloxía FGE	FGE
29		Vilaboa	Kaiak de mar, Vilaboa-Costa da Vela II	S.D. Subacuáticas

CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres



Operación Benxamín Curso de iniciación á montaña para os máis cativos

Club Montañeiros Celtas leva anos dedicado á difusión do deporte da Montaña e da Natureza.

Coa Operación Benxamín pretendemos que os rapaces aos que vai dirixido, de entre 8 e 13 anos, poidan introducirse pouco a pouco e da man de monitores con experiencia, nas diferentes modalidades deportivas que actualmente se desenvolven no noso club.

Pretendemos ensinar o respecto ao medio ambiente, acompañado da introdución a unhas modalidades deportivas que non son competitivas.

A traxectoria da Operación Benxamín vén avalada polo tempo que o club leva dedicado aos nenos, pois esta será a 41 edición.

PROGRAMA BÁSICO

PRESENTACIÓN	Venres 08/05/08	Ás 20.00 horas no local social do Club Montañeiros Celtas Proxeccións de fotografías de anos anteriores
MONTE ALOIA	Sábado 10/05/08	Distribución no refuxio Explicación do parque, flora e fauna Pequeno sendeiro pola zona Charla sobre montaña
	Domingo 11/05/08	Percorrido en Bici polo parque Xogos e charla sobre montaña
QUIROGA	Sábado 17/05/08	Montaxe de tendas Charla sobre mapas e compás Proba de orientación Sendeiro pola zona
	Domingo 18/05/08	Paseo de Montaña Xogos
LIMÉNS	Sábado 24/05/08	Montaxe de tendas Pequeno sendeiro pola zona Saída en piragua Concurso de cociña
	Domingo 25/05/08	Iniciación á espeleoloxía Coñecemento do medio Xogos
CLAUSURA	Xoves 29/05/08	Ás 20.00 horas no local social do Club Montañeiros Celtas Farase un balance das actividades, con exposición de fotografías Entregaranse agasallos aos nenos participantes e os diplomas do Concurso de Montaña

Neste número:

<i>Operación Benxamín</i>	1
<i>Axenda</i>	2
<i>Novas</i>	2
<i>Bici de Montaña</i>	3
<i>Sendeirismo</i>	3
<i>Montañismo</i>	5
<i>Esquí de Travesía</i>	7
<i>Actividades Subacuáticas</i>	8
<i>EspeleoSección</i>	11
<i>Vindeiras Actividades</i>	12

Prazo de inscrición:

Do martes 22 de abril ao mércores 6 de maio, ou ata que se cubran as prazas

Información e inscricións:

Nas oficinas do club

Avda. Camelias, 78, oficina k. Vigo

Tfno: 986 438 505 - Fax: 986 912 220

AXENDA

DATA	LUGAR	HORA	TIPO DE EVENTO	PONENTE
16/05/08	Local Social	20.30	Proxección de vídeo da saída ao Pirineo Navarro Semana Santa 2008	Enrique Soto
30/05/08	Local Social	20:30	Proxección de fotografías Andes 2008: Ojos del Salado-Aconcagua	Nacho
23/05/08	Local Social	20:30	Proxección de fotografías do Aconcagua	Nacho

NOVAS

Mellor club galego de montaña do ano 2007

Outro ano máis, e xa van cinco seguidos, o club montañeiros celtas foi elixido como mellor club de montaña galego do ano.

Felicitacións a todas e todos os que facedes que isto sexa posible!

Pago das actividades do Club

Pódese facer por transferencia bancaria ao nº de conta 2080 0000 72 0040260769, enviando posteriormente o xustificante por fax (986 912220) ou por correo electrónico (info@celtas.net) e indicando o nome da actividade.

Problemas manter refuxio da Serra d'Arga (Portugal)

Infórmanos os nosos compañeiros do Club Alpino de Madrid que debido a diversas causas o Club Celtas do Minho teñen problemas para manter o refuxio que acaban de rematar na Serra d'Arga, polo que están a iniciar unha campaña de recollida de cartos cos que soste o devandito refuxio.

Quen queira colaborar con esta iniciativa pode ingresar o seu donativo na conta 0075 1061 30 0600002078 do Banco Popular ao nome do Club Alpino Madrileño. Para máis información dirixídevos ao correo informa@clubalpino.org ou ao teléfono 915187072.

MONTAÑISMO

LAS OMAÑAS (LEÓN) SAÍDA CONXUNTA CLUB MONTAÑEIROS CELTAS CLUB PEÑA TREVINCA 1, 2, 3 e 4 de Maio 2008

de Santiago. Ascensión a Arcos del Agua (2058) e Peña Cefera (2007) na Serra de Fernán Pérez. Vallegordo e Fasgar, onde nos recollerá o bus.

VERNES e SÁBADO 2,3

TRAVESÍA: Villabandín-Riello

Travesía integral de todos os cumios do cordal principal das Omañas.

VERNES e SÁBADO 2,3

Ascensións aos cumios das Omañas en ascensións dun día.

Peña La Arena (2114), Alto La Cañada (2154), Hormigones (2062), Peña Correa (2066), Corrarrires (2011)

DOMINGO 4

Porto da Magdalena Pico Nevadín (2077). Rabanal de Abajo onde nos recollerá o bus.

BOA ESTANCIA MONTAÑEIRA

mus
aventura

Pontevedra

ESPELEOSECCIÓN

Excursión ás covas do Cebreiro

2 marzo 2008

Fomos o domingo, dous de marzo a un sitio cerca do Cebreiro. No camiño mareábame, pero comín unhas fresas e calmeime. Logo uns metros máis adiante presentámonos, había nenos e pais. Os nenos chamábanse: Antón, Ana, Alejandro e Estela, tamén estaba un profesor do meu colexio. Íamos a aquel sitio para facer espeleoloxía. Na cova facía moito frío, pero cando nos acostumamos xa non facía tanto frío. A cova era impresionante. Había estalactitas, estalagmitas, bandeiras e columnas.

Amin e a todos gustounos a cova, pero era un pouco estreita, iso si, era emocionante. E había cascos con carburo, a min dábase un pouco de "yuyu".

Bruno Casal González y Simón Casal González

Divulgación en Cortiñas

2 marzo 2008

Como hai moita xente que quere probar isto da espeleo ou volver a atoparse con ela pasados uns cantos anos, decidimos ir no día á cova de Cortiñas (Las Herreras-León). Cavidade doada, horizontal, con multitude de opcións para iniciar aos novatos e con suficiente percorrido para perderse nas súas galerías. Alá fomos maiores e pequenos en busca da escuridade (Lourdes, Carol, Emilio, Juanjo, Antón, Estela, Pilar, Benito, Ana e Alejandro, Ana Ll., Fátima, ...). Gozaron e gozamos como nenos e un deles redactou o pequeno artigo que se acompaña.

Saída infantil-xuvenil: Cobas (Ourense)

8-9 marzo 2008

Aínda que poucos infantís-xuvenís se animaron, o fin de semana fomos a Cobas para facer mos algo de espeleo. Alá fomos Antón, Estela, Samuel, Nerea, e Alberto R, como infantís e Lourdes, Carol, Emilio, Ana e Carlos, Ana e Miguel Caramés, Oscar Q., Eugenia C. e Ana Ll. O sábado andivemos divididos en dous grupos pola Pala do Forno e a Cova de Pumbeiro, e o domingo algúns buscaron

infrutuosamente o Couso das Chadas e outros fixeron prácticas de vertical algo pasadas por auga e frío.

Semana Santa 2008. Gorbea (Álava Vizcaya)

15-23 marzo 2008

En vista que os plans de ir a Aracena de covas non ían ser moi frutíferos, decidimos irnos ao País Vasco, que case todos descoñecemos a nivel espeleolóxico. Foi unha semana completa e máis ben fresca e húmida, pero quedamos co regusto de volver canto antes.

Alá chegamos o domingo despois de ter parado o sábado en Oviedo e coñecer os arredores, con visitas a praias con pegadas de dinosauros e curiosos pregamentos xeolóxicos. O luns dedicámolo a coñecer os arredores e ir a Vitoria, de onde só estábamos a 20 min (quedamos nun albergue en Ubidea). Os días de covas empezaron o martes e remataron o xoves, pois o mal tempo fixo que cambiáramos de plans.

As covas que visitamos, acompañados duns amigos espeleólogos da "Sociedad espeleológica Burnia", aos cales lle agradecemos a súa compañía eses días, foron de diversa índole. Comezamos pola Cova de Urrikobaso, unha sima vertical e galerías horizontais que nos sorprendeu a todos. O malo que chegamos á boca xa mollados e acabamos con frío todo o día. Outra cova á que fomos, esta horizontal e apta para todos públicos foi a de Mairuelegorreta. Grandes salas, enormes galerías, ... a verdade é que foi outra sorpresa. Desta vez fomos unha tropa e parecíamos unha excursión en toda regra. O día seguinte dividímonos en dous grupos, uns irían facer a sima de Otxabide (din que a máis bonita de todas) e outros foron facer unha pequena travesía cos máis cativos, que tiveron que cancelar, pois entraba todo un río pola boca superior. Cambiouse de plans e entrouse pola parte horizontal. Era máis pequena que as dos outros días, pero tras uns pasos estreitos, aparecían de novo as grandes salas e galerías que parecen ser o típico nas covas deste Parque.

O tempo non deu para máis, pois choveu e choveu e despois converteuse en neve que fixo as delicias dos máis cativos e

dalgúns maiores. Tanto nevou, que menos mal que tiñamos a pala ao outro lado do albergue e limpou o camiño ata a estrada, porque senón igual quedabamos unha semana máis de vacacións (qué mágoa!).

O dito, covas con moitas sorpresas e paraxes inesquecibles que haberá que ver máis avanzada a primavera ou no apoxeo do outono. A semana chegou a pouco e houbo que volver a Vigo o domingo, pero o bo sabor de boca aínda nos perdura.

A sección

VINDEIRAS ACTIVIDADES OFICIAIS:

28-29 xuño. CAMPAMENTO INFANTIL-XUVENIL DE ESPELEOLOXÍA. FGE-GES M.CELTAS.

6 xullo. Achegamento descenso de canóns. Melón



Divulgación en Cortiñas

ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

mellor e inchando a tope o chaleco moito mellor. Subir ao barco, quitar o traxe e entrar en calor, que delicia. E comer o bocadillo. Eu ocupado ao 100% en entrar en calor e en comer o bocadillo; Silvia, Óscar e Diego tan tranquilos apuntando os datos da inmersión no libriño e facendo fotos: ¡increíble! Un dos portugueses achegouse para saír na foto e non se deu conta de que o anano lle estaba poñendo os cornos por detrás da cabeza, ¡que parvo!. O estraño e que na foto non sae iso.

Mergullo nas Illas Estelas 24 Febreiro 2008

O ceo estaba gris e chovía cando nos reunimos no punto de encontro o pasado domingo 24. Un día feo, pero...En fin, ¿que máis dá se imos estar debaixo da auga? Xa preto das illas Estelas o barco de Anxo saltaba sobre as ondas. Chegamos...Uf! Difícil prepararse con tanto meneo...cinto, gafas, aletas...Un salto e todo cambia. De súpeto entramos no "mundo silencioso" de Cousteau, e ao teu cerebro cústalle uns minutos asumir que podes respirar debaixo da auga. En fronte nosa, parte dun barco afundido quérenos amosar toda a vida que pode acoller ao seu redor, un pinto que pasa tranquilamente ao teu carón, faiche esquecer a sensación de stres inicial. Un congro agochado nun tubo, descansa na súa covacha, pasivo ante as nosas olladas; un grupo de fanecas pasan xusto por debaixo, intentando vencer á corrente que case lles impide moverse. "O mesmo me pasa a min, amigas", pensas, e pouco a pouco comezas a sentirte un pouco máis peixe.

Mergullo na Ría de Vigo 8 marzo 2008 Baixo a batea

Sábado 8 de marzo, o grupo saltou a auga con moitas ganas, a Ría de Vigo rodeábanos e ao noso lado a Batea Frapelo I. A terra máis próxima, Moaña. No meu caso facía uns dous meses e medio do meu último mergullo e este contacto coa Ría de Vigo chocoume ao notar de novo na miña pel a friaxe da auga, 13 grados, nada comparable aos 26 grados do Mar Roxo. Nos primeiros dez metros a visibilidade aínda nos permitía distinguir ao grupo, pero foi a partires destes dez metros ata o fondo da zona, a uns vinte metros, cando a visibilidade xogounos a mala pasada de non permitir vernos os uns aos outros. Houbo que emerxer para poñernos de acordo en baixar por parellas e así non perdermos. A miña parella mais eu case que non podíamos manter o contacto visual, a máis de dous metros xa perdías de vista ao teu compañeiro así que rodeamos no que puidemos a batea. Nalgunha que outra ocasión perdémonos. Era a inmersión axeitada para usar o compás. Rodear a batea rectangular era unha idea sinxela, partindo de tomar o rumbo no barco antes de saltar e coa intención de trazar xiros de noventa graos seguindo as cordas, cheas a rebordar de mexillóns (pena de saco). Esta era a teoría, o caso é que era tan pouco o que se vía que en máis dunha ocasión o meu compañeiro e mais eu sorprendémonos atopándonos en medio da maraña ordenada de cordas da batea colgando sobre as nosas cabezas. ¡Vaia sensación! Volta ao compás e a poñerse no rumbo.

Aínda con todo isto vimos algún que outro peixe, non me pidades que diga cal foi, e cun tempo de cincuenta e tres minutos comezamos a ascensión a superficie. Lentamente fomos emerxendo e subimos ao barco. Por certo non podo deixar de dicir que o barco de Ángel é un dos máis cómodos

No camiño de volta falamos da narcoses e parvadas desas nas que eu non creo. E iso foi todo: chegamos ao peirao, descargamos, despedímonos uns dos outros cuns cálidos apertóns de mans e contentos e cada quen para a súa casa ata a próxima. Eu paseino moi ben a pesares do frío. Penso volver. Pero heille dicir a Ramón que non invite ao anano. E para esa vez ei respirar pouquiño e non penso agarrarme a Óscar para ver si ligo coa serea. **Luciano Casariego Barro**

A visibilidade non é moi boa, pero o ollo experto de Anxo móstranos algúns dos animais que, doutro xeito, pasarían desapercibidos ante os nosos narices.

Unha centola camiña tranquila sobre o fondo rochoso, un polbo descansa baixo unha das enferruxadas chapas do barco, uns sargos nadan axilmente afastándose de nós... Así imos bordeando o pecio, afundido nos anos 70 fronte a Monteferro, cando transportaba un cargamento de mineral férrico. A pouca visibilidade e as correntes impedíronnos entrar na súa adega, na que aínda é posible introducirse...¡Quen fora un deses serranos que nadan sen dificultade entre os ferros oxidados do buque!

O tempo parece deterse baixo a auga e sen embargo corre moi apresa... ¡é hora de volver a ser animal terrestre! Café quentiño, conversa agradable e intercambio de impresións sobre a inmersión. A xornada rematou por hoxe, e todos volvemos para a casa cun sorriso nos beizos e pensando xa en cómo será a próxima saída. **Lucía Soliño**

que tiven ocasión de probar na ría.

Oh, sorpresa! ¡Aqueles dúas cabezas que emerxen da outra batea son tamén do grupo!

Pablo Núñez



Vindeiras actividades da Sección:

- Queda posposta a saída social de pesca submarina para vindeiras datas.
- Saída ao Grove: teremos dita actividade o 24 ou 25 de Maio, cambiamos a data por motivos de planificación e petición popular, ademais aproveitando o desprazamento visitaremos o acuario os que queirades aproveitar toda a xornada.
- 8 Xuño, tentaremos facer unha xornada conxunta cos de espéleo, mergullándonos e coñecendo o entorno e a Furna de Santa Marta

AVISO

Ábrese, polo prazo dun mes, unha listaxe para aqueles interesados en facer o curso de mergullador dunha estrela.

Club Montañeiros Celtas

BICI DE MONTAÑA

Ruta en bicicleta de montaña pola Serra do Galiñeiro 17 febreiro 2008

Todo comezou nunha mañá do 17 de febreiro de 2008. Un grupo de valorosos e decididos xinetes dispuxéronse a emprender unha nova cruzada en nome de Montañeiros Celtas. O seu destino sería conquistar a Serra do Galiñeiro.

Todos os xinetes engalanados coas súas mellores armaduras e a lombos dos seus mellores corceis emprenderon ás 10.00 horas rumbo ao Galiñeiro, á fronte deste grupo de xinetes e amazonas ía Sir Xulio Troitiño. O seu plan era levarnos a todos ata o cume do galiñeiro, e así foi como comezamos a subir cara a arriba dende o encoro de Zamáns. A algúns de nós custounos máis que a outros chegar ata o parque forestal do Galiñeiro, onde nos reagrupamos e demos descanso ás nosas monturas por uns intres, non sen ver como dous dos nosos compañeiros non seguirían connosco. Pero isto non supuxo que o resto cesase no seu empeño e puxemos sobre as 11.00 horas rumbo ao Aloia.

Nesta parte da nosa aventura perderíamos outro valoroso xinete, que abandonaría ao grupo por ter problemas coa súa montura. Despois dunha subida un pouco pronunciada comezamos cunha impresionante baixada da cal gozamos todos. E antes das 13.00 horas chegamos a pés do monte Aloia, neste punto da nosa epopea repuxemos forzas comendo algo, pero non foi suficiente para algúns que decidiron poñer fin a esta cruzada e retornar ás súas casas.


Pero non pensesdes que isto rematou aquí, só os máis valentes ou os máis toliños loitarían ata ver concluída esta cruzada, loitando coas costas vertixinosas, cos toxos, atravesando regatos e vendo animais mortos ata case caer desfalecidos. Pero só 9 foron os cabaleiros que remataron esta grande cruzada da Serra do Galiñeiro e que retornaron ás súas casas entre as súas dores nas pernas e outras zonas que é mellor non detallar, pero iso si, coa satisfacción do traballo conseguido.

Espero que ao que lea isto e non participara nesta gran

fazaña, non desista, xa que novas epopeas se escribirán destes e outros novos xinetes que se unirán nas próximas cruzadas que o club ten preparadas para vós e poder pasar aos anais da súa historia.

A todos aqueles que loitaron na Serra do Galiñeiro, pedal a pedal e piñón a piñón, enviólles un saúdo, esperando volver a velos noutra nova aventura.

Luis Iglesias



SENDEIRISMO

Sendeiro de castrolaboreiro 16 marzo 2008

Como nos temíamos o poder de convocatoria deste sendeiro viuse minguado ao estar tan próximas as vacacións de Semana Santa e a celebración do día da Reconquista. Así e todo, á hora prevista os doce participantes repartímonos en coches para dirixirnos ao noso punto de partida e regreso, Castrolaboreiro, na Serra da Peneda (Portugal).

Chegados ao pobo, o noso santo costume de iniciar o día cun bo café viña xustificado polo aire fresco da mañá, e que mellor que uns pingos e galóns para entrar en calor. Pero antes detivémonos para ver a panorámica; rodeábanos unha serra con cota de montaña que non alcanzaba os 1000 metros. Moi preto, ascendendo por un empinado sendeiro, apréciábanse as ruínas dun castelo no solar do cal houbo anteriormente un castro, de aí o nome do pobo.

Sobre as 10 iniciamos o sendeiro que, salvo algunha pequena pendente, non ofrece ningunha dificultade. Atravesamos lugares de grande atractivo paisaxístico, os montes encadéanse uns con outros, moitos son

grandes pedregales, masas de granito que forman abas ou tamén grandes rochas redondeadas que aparecen soas ou en grupo. A climatoloxía tamén axuda a gozar deste sendeiro. Despois de subir un pequeno treito empinado detémonos para reagruparnos. Hoxe veñen con nós os 3 compañeiros que se inician nestas camiñadas. Alcanzada en poucos minutos a pista, encamiñámonos cara á mole granítica de Pena de Anamao, tamén chamada Numao, onde achamos a ermida de Nuestra Señora de Numao e unha área de descanso onde xantamos comodamente. Tras as sobremesas gozamos do espectáculo de Miguel, o noso guía, no que nos mostra as súas habilidades na moi nobre arte da buxaina, hoxe tan descoñecida para as novas xeracións. De momento ningún somos rival para el pero co tempo... Retomamos a pista retrocedendo un pequeno tramo do camiño para tomar á esquerda nun cruzamento e regresar novamente con total tranquilidade, acompañados de rochas e matogueiras, a Castrolaboreiro onde gozamos dunha boa cervexa. Ata pronto.

Conchi Gilino

Sendeiro Cangas-Cela-Cangas 2 de marzo 2008

O 02 de marzo do 08, saímos ás nove da mañá dá Estación Marítima, un grupo de incondicionais, nos que se atopaba María: unha rapariga encantadora, aparte de boa montañeira. Todo un luxo cruzar a ría non barco, para desembarcar non peirao de Cangas -como se quixeramos invadir a bela península do Morrazo-. Ben guiados por Evaristo; escomenzamos a andaina, sen deixar de botar unha ollada e fotografar ou exemplar "barroco" dá igrexa de Coiro. O que xa fixo alucinar á maioría, foi a ampla e ben conservada "fraga", que non se deixa observar ao lonxe, coma se

nos gardase os seus segredos aos que trocamos a cama pola natureza. Despois de facer un longo percorrido por corredeiras; chegamos ou merendeiro do alto de Ermelo, para facerlle honra ás viandas, nas que non faltaron os doces caseiros e as pingas. Neste lugar tivemos o pracer da compañía de Zoila e o seu fillo. Volvemos por outro camiño, facéndolle a honra a uns cafés no primeiro bar. Dende aquí, saímos fogueados os que desexabamos volver non barco das seis; tendo que botar a correr o derradeiro km.; ¡pero chegamos a tempo!; isto despois de abraiar aos veciños que nos ollaban coma bichos raros. Auténtica saída esta, tan preto da casa.

Antonio Fernández

Marcha de primavera 6 abril 2008

O pasado domingo 6 de Abril, ás 8 e media da mañá, uns 30 valentes soben ao autobús para realizar unha estupenda ruta pola Serra do Aguillón, en Ourense. Despois de hora e media de viaxe chegamos a Quintela de Leirado, onde empezamos tomando camiño cara a Xacebáns, cunhas primeiras rampas importantes, e cunhas vistas estupendas ao val, pola pista que leva ao cumio do Penagache. Tras un par de paradas de reagrupamento, e dúas horas e media de marcha, alcanzamos o cumio, a 1.219 metros. Deixamos alí a tarxeta de cumio na correspondente caixa de correo, fotos, risas, etc e dispuxémonos a comer.

Despois da comida, xogos de enxeño, campionato de buxainas e sestras, algunhas tamén de campionato.

Tras a sobremesa, de novo seguimos camiño cara á Raia Seca, e procedemos a traspasar a fronteira de Portugal, se ben non apareceu por ningún lado a liña vermella que aparece nos mapas, tan só uns marcos de pedra. Sesión de fotos "fronteiriza".

Tomamos despois a pista paralela á fronteira, e aos



poucos km abandonámola para internarnos campo a través, con abundante observación de gando, cabalos e vacas, estas últimas de raza tipicamente portuguesa, segundo os expertos no tema.

Ao internarnos no monte, atopamos pegadas do paso de xabarís, así como restos de gando claramente depredado, isto foi moi emocionante. De volta á pista, atopámonos cunha valla, que con gran habilidade esquivamos (or debaixo), pero que nos deixou como sorpresa que o tramo máis complicado nos quedaba para o final, coas forzas máis xustiñas.

Así, xa á vista da civilización de novo, alcanzamos Padrenda, que en principio era o final do camiño, e atopamos unha fonte estupenda, para encher cantimploras e refrescámonos. Dende aquí, o último tramo foi unha longa baixada sobre asfalto, ata chegar á vitoriosa aparición do bus. En tempo marca todo quedou recollido, embarcouse todo o mundo e finalmente tomamos camiño á casa, con paradiña técnica en Pontearreas, rematando esta estupenda ruta cansados pero enormemente satisfeitos. Para repetir, imos.

María Recondo Branco



anaco enredando nas botellas: eu, como facía moito que non entraba nestas lides, non dixen nada, e pensei que si aquilo tivese algunha importancia xa diría algo algún dos veteranos. Ninguén dixo nada, polo tanto eu tamén calei. Perdín de vista ao anano en canto Óscar empezou a falar de como se colocaban as botellas no chaleco e como se colocaba o "polbo". Ben: todo entendido. Todo parece doado. Pero ao pouco, cando Silvia tenta instalar o seu novo regulador na botella..., o que lle desbaratou a economía, non se lle adapta: foi nese momento cando escoitei unha gargallada que saía de debaixo do banco, era o anano. Ninguén se estrañou... pois eu tampouco... Óscar sacou da súa mochila unha argallada, fozou nun buraco da botella, quitoulle unha torca, púxolle outra e todo solucionado, o regulador xa se adaptaba, parecía maxia. O anano parou de rir e, mirando para min, torceu o fociño encarnado e sentouse no chan moi encabuxado dándome as costas. En canto quedou resolto o problema de Silvia, Óscar seguiu co meu equipo e púxose a comprobar a presión da botella. Cando lle foi mirar a presión vin polo rabo do ollo, como o anano apertaba os beizos coa man coma se non quixera que se lle escapara outra gargallada, e nese momento un xesto de contrariedade de Óscar.

-¿Qué pasou?

-Que non ten aire a botella.

E a gargallada liberada do anano soou tan forte que non me explico como ninguén lle prestou atención... Pois eu tampouco.

-Non pasa nada, dixo Óscar, hai botellas dabondo e haberá outra chea.

Todo solucionado. ¡Pois ala!, para a auga. Paso adiante e ¡plaf!. ¡Estaba fría de raio!. Baixamos pola cadea, eu agarradiño coma unha lapa, eles de pé con moito xeito. Sen problemas na compensación e sen demasiados problemas na estabilización. Chegamos abaixo: a auga estaba máis fría aínda. Eu respiraba e respiraba e respiraba... e apertaba os dentes tanto que non sei como non troncei a boquilla do regulador. Se xa tiña frío fóra xa vos podeades imaxinar o que sentía alí.

Pois ben, en parellas: Diego e Silvia por un lado e Óscar e mais eu polo outro, sen separarnos. Había boa visibilidade, salvo cando eu remexía o fondo coas aletas ou cando daba coa barriga nel por baleirar demais o chaleco. A pesares da miña torpeza puidemos ver cenorias de mar, babosas, unha raia mosaico, unicornios, ou polo menos crías de unicornio, penso eu, pois os cornos que atopei eran moi pequeniños. Quixen coller media ducia pero caíanme das mans cando tiña que axustar as gafas ou mirar como ía de aire ou buscar, sen

atopar, o tirador do escape de aire do chaleco para estabilizarme, xa que coa traquea do chaleco non daba feito. Ou axustas os chumbos ou... En fin, que miñas amigas, Tachi e Irene, quedaron sen o regalo dos corniños dos unicornios, pois non din cos petos que ten o chaleco, dos que me din conta pola tarde, cando o estaba endozando.

Despois dunhas voltas atopamos unhas rochas que Óscar levaba buscando un tempo, co seu compás, que fixeron que o fondo perdesse a monotonía e tomase desniveis que o fixeron máis entretido. Pero, para esas, eu xa estaba case que na reserva, polo que Óscar me deu o seu regulador secundario. E alí ía eu, igualiño que unha rémora, collido timidamente do seu brazo, ata que el me fixo un xesto para que me agarrase con forza de ganchete. En mala hora mo dixo, pois xusto nese momento pasaba por alí unha serea belísima que viña directamente cara min, (penso que lle gustei), pero que cando observou que me agarraba a Óscar con tanto afán, debeu pensar que non tiña nada que facer comigo e con un rápido coletazo desviou a súa traxectoria, deixándome co recordo dos seus peitos entrevistados a través dunha melena ondeante. De todo isto non lle din ningunha pista a Óscar pois el estaba moi atarefado tentando reunirnos e facéndonos prestar atención a como enchía un globo de seguridade que deixou subir ata a superficie. Xa era tempo de saír e ademais eu pedín auxilio pois tiña tanto frío que xa non me atrevía a aguantalo máis, non fose ser que me dera un mal. Tampouco os avisei de que o anano estaba detrás daquela rocha fumando un canuto; era tanto o frío que sentía que non tiña ganas de entreterme en cousas sen importancia. Diego díxome, que el xa se dera conta de que tiña frío cando me veu fregar os guantes, cruzar os brazos e encollerme coma un feto. Diego e moi perspicaz.

Por fin subimos, pouco a pouco e fixemos a parada de seguridade e todo. Menos mal que a esa profundidade xa non facía tanto frío, parece mentira, o que cambian as cousas en 10 metros. Logo nadar ata o barco, non estaba moi lonxe; alguén tivome que dicir (con retintín) que de costas



eu. Semellaba que polo menos bo tempo iamos ter. E así foi. Cando chegamos á estación de Manzaneda puidemos comprobar que de feito, como anunciaban todas as predicións, non vos había moita neve, mais a nós serviunos para levar a cabo o curso. Despois dunha curta baixada, na que tomamos contacto coa neve, puxémonos ao pé da pista, onde comezou a clase. Explicáronnos como e porque

debiamos colocar as peles de foca, e ale, pola ribada para enriba. Para iso aprendéronnos a facer a volta María e a media volta. E así zigzagueando foi pasando a mañá. Teño que dicirvos que ao mesmo tempo iamos recibindo da man de Isaac, agradecidas racións de larpeiradas, por aquilo de non nos poñer mal@s, dende logo, un baixón de glicosa estaba claro que non teriamos. Grazas Isaac.



A media mañá fixemos a práctica de rescate co Arva. Resultou ser un tema bastante complicado, de feito se pola nosa destreza fose, o paisaniño que alá Fernando nos agochara estaría morto, e case podería dicirse de morte matada. E así pasou a mañá e parte do serán.

Xa de volta para a casa, fixemos unha paradiña na Casa Xerardo, en Chandrea de Queixa. ¡bocadillos!. Unha perola de callos, e outra de fabada..., e de sobremesa flan e queixo, pero non un anaquiño, non, as pezas enormes e practicamente enteiras enriba da mesa. A apoteose do día.

Xa vedes, unha saída inesquecible, mire por onde se mire. Grazas a Fernando e Marcos.

Fátima Fernández Vila

**Esquí en San Isidro
23 e 24 febreiro 2008**

Sempre a voltas coa idea de que esquiar era de “pijos” pero, ja! O que é, é de listiños que non queren máis pisteiros estorbándolles. Así que nesta fin de semana iniciámonos con clase de esquí, uns e unhas coma debutantes e outros e outras perfeccionándose.

Tivemos sol, tivemos caídas, bañeiras e mais cuñas, e

algunha que outra maniota. Máis frío non tivemos, porque a organización, que tan previsora é, xa arranxara de antemán e foinos aclimatando no bus de camiño para San Isidro.

Así e todo esquiamos moi ledas as narradoras desta primeira e non última aventura nas pistas de esquí, que chegaron a pouquiño e non souberon a moito no último día. Agora xa esperamos ansiosas a vindeira de snow. Para cando?

Noe e Lourdes

ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

**Mergullo na ría de Vigo: Frapelo II
27 de xaneiro de 2008**

O Día 27 De Febreiro De 2008 Fun Mergullar

Días atrás tiña un correo de Montañeiros Celtas anunciando unha saída a mergullar. A invitación era tan amigable que conseguiu que a un “matao” coma min se lle foran todos os seus prexuízos e medos. Así pois, a pesares de terme apuntado no último momento, foi posible.

Chegou o día. Tentei ser puntual, pois así eran as recomendacións de Óscar, invocando o espírito dos Montañeiros Celtas. Cando cheguei só estaba alá un home grande, talla XXL, que me dixo que se chamaba Diego. Tamén estaba o barco, era no que, en tempos, fixera eu as prácticas alá polo ano 1993 máis ou menos. Pouco a pouco foron chegando o resto dos convocados; moitos portugueses, moi ben equipados; e Ramón, o patrón: facía moito que non o vía; pois... dende o ano 1993, o mesmo que o barco; xa pasaron 15 anos, está igual que entón, refirome ao barco, pode que algo mais gordo, refirome a Ramón; eu máis calvo, xa o sei, antes de que mo diga el, Ramón. Non sei en que momento apareceu Silvia; sei que

falou de que a compra do equipo lle desestabilizara un pouco a economía ata tal punto que tivera que deixar de investir en bolsa. Chegou Óscar: presentouse. Por fin tiña cara o home amigable do correo electrónico.

Tras cargar os equipos no barco, zarpamos, aínda que esperamos un pouquiño por alguén que podería estar en camiño. Ao pouco de estar navegando xa nos estabamos espindo e vestindo. Todo para ganar tempo, dicía Óscar. Seu espírito didáctico non deixaba un segundo baleiro para que chegados ao punto puideramos aproveitar o tempo para os últimos retoques no equipo. Ramón levounos a un sitio pero xa estaba collido por outros mergulladores e sen dificultade buscou outro.

Polo camiño, mentres Óscar explicaba cousas, seica o frío da brisa aproveitou para colárseme nos ósos, e iso que o día estaba moi despexado, con sol; pero frío, e co barco en marcha, moito máis. Estaba eu atento ás explicacións cando, nunha destas, un anano borracho, co nariz vermello coma un pemento, subiu por estribo e saltando pola cuberta pasou entre as pernas dos portugueses enfundados nos seus traxes secos, chiscoume o ollo e colouse por debaixo do banco onde estabamos sentados e pasou un

**Corredores en San Isidro
23 febreiro 2008**

Hai puntiños na vida de cada unha (ou un) que resultan ser catárquicos. Son así, casuais sen esperalos. De repente xurde un intre, unha persoa, unha experiencia, unha simple posibilidade que non esperas, e resulta que te atopas que o día ten outra luz... É así, e así debe ser.

O desta fin de semana, para min resultou un deses momentos que me fan mirar as cousas dun xeito diferente, incluso a min mesma. Foi máxico! E ti chámalle como queiras! E que ás veces a vida, que adoita ser bastante caprichosa, sorrinos.

O meu plan era, resumindo moito, unha vez analizadas as expectativas do grupo de montaña, reunirme con eles á súa volta e compartir as súas andanzas e máis unha cervexa.

Así, que enfilamos cara á estación de esquí de San Isidro, con máis ben poucas esperanzas de atopar a neve suficiente para nos mergullar ata as trancas a medida que iamos ascendendo.

Nada máis baixar do bus cara ao sur, encarámonos cunha costa desas que turran da tracción total, e de toda a túa boa vontade para non tirar a mochila e retirarte a facer pilates polos restos... A min ese momento dúrame polo menos a primeira media hora!!!, o resto da xente, simplemente non o di!. Unha vez compostos e xa co corazón no seu sitio, atopámonos fronte da primeira pa importante, despois dixéronme que aquilo que acababamos de subir fora o primeiro corredor da miña vida. Xa ves! pensei - e ti sen darte conta!!! O que vales Maru!...

Collemos pola cordal cara a onde remata o forfait, para dende alá, a media altura, encarar o que máis gozamos, e que para min foi un auténtico corredor. Enrugaba a unha miralo de fronte. Buff! A ver, nunca as cousas se conseguen por un mesmo, eu non polo menos. É verdade que me levaron os meus pés e a miña determinación, pero tamén é certo que senón fora polos compañeiros que me animan e me miman mentres estou tratando de tragar a tensión enganándoa coa adrenalina, seguro que non me formularía a metade dos pequenos retos aos que me boto.

Xa no cume permitímonos respirar e rir a gusto. Merecíámolo! Que Carallo!!! Unha vez normalizados os

niveis de adrenalina no corpo, enfrontámonos coa nova cordal que pretendiamos facer. Non sei, se mo plantexara para unha semana vista ...aínda! O conto foi que pasiño a pasiño, enganándonos uns aos outros chegamos ata onde remata o circo, completándoo. Hala! Para abaixo. E iso si que foi para nota!!! Decateime de que é certo que para baixar todos os santos axudan!! Tiven o meu anxiño particular, porque co cagona que son e mirar as caída que eu IMAXINABA que había... Senón chega a ser pola paciencia dos compas, aínda estou a vivaquear no cume. Habíamos de atopar coa única zona de neve en sombra. Vaia por deus! Imposible facer pegada, claro! Que ao mellor influía o que me tremían as pernas, e aínda que non era á única, a min non me consola. Normalmente, despois de situacións así, trato sempre de sacar conclusións para dar un pasiño curto adiante, pero é que con isto non son capaz. Teño medo ao baleiro e punto! Pacienciaña!

Dende aquí, as miñas botas e mais eu xa tiveramos bastante, así que dirixinme cara á estación de esquí para homenaxearme cunha cervexiña, e que nos recollera o autobús para nos levar ao albergue.

Mentres os que ían sobrados, decidiran seguir pateando ata o albergue, total, que eran, 6 ou 10 quilómetros?... O normal! Cubriron con creces calquera das saídas dos Celtas. Perdéronse, cortaron campo través, saíron do marrón e chegaron á cea exultantes!

E ao día seguinte máis!

Maruxa Pérez



Montaña Navarra 19-23 marzo 2008

As actividades de montaña da semana santa do 2008 víronse determinadas en boa medida pola meteoroloxía, que foi na súa maioría adversa pero mellor do que se esperaba polas predicións dos organismos competentes. Aínda así en todo momento o frío e o vento fixeron acto de presenza.

Como sempre o primeiro día empezamos a andar tarde e con poucas forzas despois da viaxe e pasar a noite no autobús. O responsable anunciáranos que debido a esas predicións adversas tiña intención de adaptar cada día ás circunstancias e prescindir da programación oficial. Así foi como nos atopamos intentando o ascenso ao Txamantxoia dende o albergue/cámping de Asolaze a iso das 13 h e sen comer. A paisaxe enseguida se fixo digna de contemplar, con bosques sobre todo de faias e outras árbores de folla caduca. Un pouco máis tarde das 15 h pairamos a comer ao abeiro dun desnivel do terreo que nos protexía do vento. Facía frío, pero en xeral o ánimo era bo, así que seguimos cara a arriba. Cando chegamos ao cordal da serra onde se atopaba o monte, recibíronnos unhas árbores espectacularmente cubertas de xeo. A partir dese punto o vento sopraba sen descanso roubando de forma inmisericorde a calor e facéndonos sufrir os metros gañados. Ao final un grupo substancial conseguiu chegar ao cumio de 1945 m, onde se fixeron as fotos de grupo de rigor.

O segundo día a formulación foi realizar o ascenso ao Ori, primeiro dous mil do pirineo Navarro. Para o que fomos en autobús ata o outeiro coa Serra de Abodi. Nese punto podíase ver o Ori cuberto polas nubes e toda a fronte de nubes negras procedentes do norte

atascado no cordal onde se atopaba. Formáronse dous grupos, o primeiro acometeu o Ori segundo o planeado, beneficiándose de que en parte do ascenso a propia montaña protexía do vento do norte. Feito o Ori (2021 m) volveron polo mesmo camiño ao autobús, que colleron para ir ao pobo de Ochagavía. O segundo grupo seguiu o cordal da Serra de Abodi, facendo un par de cumes da devandita serra duns mil cincocentos metros, contemplando a paisaxe da selva de Irati á súa dereita, pero sufrindo o vento ao estar exposto no cordal. Logo descenderon cara a



Ochagavía facendo unha breve visita ao mosteiro de Nuestra Señora de Muskilda. En Ochagavía fíxose turismo e compraron os queixos do Roncal, típicos da zona.

O terceiro día as noticias prevían un empeoramento serio da situación climatolóxica. Debido a iso e para non meter en complicacións ao autobús decidiuse facer un sendeiro entre Ochagavía e Isaba. Efectivamente segundo íamos avanzando, nevaba con máis forza, pero nunca chegou a callar a neve. O percorrido, aínda que tiña moito de pista forestal, tampouco estivo exento de beleza, aínda que estivese un día gris e escuro. Outro grupo formado por persoas que viñera á actividade en coches privados e algunhas persoas máis se foron intentar o Anie, un dous mil que se atopa no lado francés. A néboa non permitía ver nada, pero seguindo as pegadas na neve doutras expedicións, fixeron cumio con éxito no Anie (2507 m).

O cuarto día, sábado, amenceu cunha nevada intensa e todo cuberto pola neve. A neve virxe limitaba moito as actividades, pero o autobús levounos ata Belagua e seguindo a estrada máis arriba. Formáronse diversos grupos que intentaron chegar ata o outeiro, dependendo o seu progreso de se dispoñían ou non de raquetas para a neve. Outros baixaron dende Belagua cara ao cámping por un sendeiro. A caída da neve constante e o terreo cuberto por neve virxe ofrecíanos unha paisaxe e un ámbito máxico, que nos levou a todos de volta ao albergue, cansos pero satisfeitos.

A pesar da noite de insomnio do responsable da saída e a continua nevada, o domingo as estradas estaban despxadas e puidemos volver con éxito a Vigo.

ESC

San Isidro-Pico Torres 2100 m 24 febreiro 2008

Domingo pola mañá...non hai mellor cousa que non ter pensado o que vas facer ao día seguinte... O que ía ser unha xornada de esquí, tornou nun día montañeiro en inmellorable compañía.

Sobre as dez da mañá comezamos a andar monte para riba, pero para riba, riba...Saímos do aparcadoiro de San Isidro, na parte baixa da estación. O noso obxectivo, o Pico Torres, alí estaba, vixiante..., a verdade, impuña un chisco..., pero bo, aos poucos foise facendo o camiño.

Case non había neve, mais a paisaxe valía a pena. Eramos un grupo de sete "intrépidos montañeiros", ha,ha..., Oli, Maruxa, Ana, José Luís, José Carlos, Tito e eu, camiñando, camiñando, e chimpando algún que outro regatiño, fomos facendo o noso sendeiro pola aba da montaña. Ao medio día chegamos ao corredor que nos levaría ao cume. Un descansino e para riba. Esta

xente estavos ben forte. O último tramo resultou ser moi interesante e as vistas ben fermosas, mágoa que non tivésemos o día aberto, de seguro que serían espectaculares. Despois das fotos de rigor e un descansino, baixamos seguindo a crista cara ao leste, mentres tres voitres voaban sobre as nosas cabezas, ha,ha....A crista estaba formada por un tumulto de pedras esnaquizadas e esvaradías. Resultou ser unha baixada bastante entretida e interesante. As vistas seguían a ser inmellorables, a un lado Asturias e a outro León. Pronto deixamos a pedra para chegar de novo á aba, miña naiciña, que forma de correr, semellabamos cabuxas montaña abaixo,ha,ha....

Chegamos ao aparcadoiro con tempo para darnos un merecido descanso, xantar e ata tomar algo quente. E rematou a xornada. Despois de recoller as mochilas no albergue, para casa, que quedaba unha longa viaxe. Que magoa, gustárame ser sempre cabuxa ou voitre...ha,ha,ha. Grazas amigos,

Fátima

ESQUÍ DE TRAVESÍA

Xornada de encerado e mantemento de esquí Xornada de iniciación ao esquí de montaña 26 e 27 de xaneiro 2008

Se mo permitides vouvos falar das dúas actividades da derradeira fin de semana de xaneiro como se de unha soa se tratase, pois así foi como as vivín eu. Non sempre ao rematar unha actividade teño a sensación que me brindou a xornada de esquí de montaña en Manzaneda. Xa o día anterior, mentres se desenvolvía a xornada sobre mantemento de esquí, anunciaba ser inmellorable. Alí estábamos un grupo de catro alumn@s, Cristina, Roberto, Eva e mais eu, connosco topábanse Marcos e Fernando, neles dous estaba a labor de instruírnos como grandes arraxador@s de rabuñaduras nos esquí. Que sinxelo semella facer e entender as cousas cando chas explican con ilusión. Comezamos a clase coa entrega da documentación, nela tiñamos sobre papel do que ía tratar o obradoiro. Nun intre estábamos enfrascad@s atendendo as explicacións dos nosos mestres. Mentres enguliamos a súa información lembrei dun mestre que tiven hai tempo, deses contados que nunca se esquecen. Tiñannos @s catro como nenos nun circo. Aprendéronnos como debíamos facer para levar cada paso ao seu fin. O club semellaba de certo un obradoiro. E a mesma ilusión coa que comezaran Fernando e Marcos pronto nola tiñan transmitida a nós. Alí estábamos, limpando, derretendo a cera sobre as táboas co ferro e pasándolle este como se dunha camisa se tratase. E por último pulíndoas con diferentes cepillos, ata conseguir uns esquí ben mantidiños e pulidos para usalos ao día seguinte en Manzaneda.

E chegou o domingo. Á mañanciña xa estábamos saíndo de Vigo. Eramos un grupo de tres mulleres e tres homes. Cristina, Luísa, Isaac, Fernando, Marcos, e mais

